

Expediente	2023005408
Asunto	Instrución para a tramitación de convenios na Deputación
Trámite	Resolución presidencial de aprobación da instrución

O deputado delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

Para os efectos de coordinar a tramitación dos convenios que se elaboren polos distintos servizos, por parte da Secretaría Xeral elaborouse unha instrución baseada no principio de unidade de tramitación.

Resultando que a citada instrución ten como finalidade establecer unhas regras básicas para a correcta tramitación dos convenios co obxecto de homoxeneizar o procedemento para a súa aprobación.

Resultando que na Resolución Presidencial nº 2023000637, do 26 de xaneiro de 2023, pola que se aproba a Instrución para a tramitación de convenios na Deputación hai algúns aspectos que é necesario modificar.

Considerando que a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, regula un réxime xurídico completo e básico dos convenios (artigos do 47 ao 53), o que contribúe a discernir máis claramente a natureza do negocio xurídico de que se trate.

Visto o disposto na Resolución presidencial núm. 2019014186, de 1 de agosto de 2019, de delegación de atribucións da Presidencia, modificada pola Resolución presidencial núm. 2020003407, de 27 de maio de 2020.

## **RESOLVO**

**Primeiro.** Aprobar a instrución elaborada pola Secretaría Xeral para a tramitación de convenios, cuxo texto é o seguinte:

### **"INSTRUCCIÓN PARA A TRAMITACIÓN DE CONVENIOS NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

#### **Procedemento de elaboración, aprobación e sinatura dos convenios**

A elaboración, aprobación e sinatura dos convenios deberá atender ao seguinte procedemento:

##### **1. Iniciativa**

A tramitación dos convenios dará lugar, en todos os casos, á apertura do correspondente expediente electrónico na plataforma corporativa de expedientes.

**O responsable do expediente administrativo será o centro xestor da Deputación por razón da materia ou o que cubra o obxecto do convenio co seu presuposto, polo que este centro xestor é o**



**único responsable de tramitar o expediente ata a sinatura do convenio, así como da súa execución e cumprimento.**

A tramitación do expediente iníciase:

- a) No caso de que a iniciativa fose da Deputación, co acordo de inicio ou coa providencia asinada pola deputada delegada ou deputado delegado da área responsable da iniciativa, que se encargará da tramitación e execución dos contidos do convenio.
- b) No caso de que a proposta parta doutra entidade ou suxeito diferente á Deputación, esta proposta será a que dea lugar á apertura do expediente, á que se deberá unir o acordo de inicio ou providencia asinada pola deputada delegada ou deputado delegado da área responsable da iniciativa, que se encargará da tramitación e execución dos contidos do convenio.

2. Elaboración do proxecto de convenio e informe xurídico

Unha vez iniciado o expediente, o centro xestor responsable da iniciativa encargárase da redacción da proposta do convenio e de dalo de alta no xestor de convenios na plataforma de xestión de expedientes da Deputación.

Deberá acompañar a proposta un informe xurídico que se pronunciará sobre a competencia da Deputación para subscribir o convenio e sobre o contido deste, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; o impacto económico nos termos do artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira; a incidencia en materia de protección de datos e se na tramitación se seguiu o disposto na devandita norma e na presente instrución, ademais do órgano competente para a súa aprobación.

Este informe xurídico emitirao o centro xestor que estea a tramitar o expediente, en caso de dispoñer dunha ou dun técnico xurídico, noutro caso emitirao a Secretaría Xeral da Deputación.

3. Fiscalización do expediente

Unha vez completada a documentación anterior, someterase o expediente completo á súa fiscalización pola Intervención provincial:

No caso de que durante a tramitación sexa necesario rectificar a proposta para axustala aos informes citados, formularase unha nova proposta asinada pola persoa responsable técnica do centro xestor.

4. Aprobación e sinatura

A aprobación dos convenios corresponderalle ao órgano ao que se lle atribúa a competencia, de conformidade cos límites cuantitativos establecidos nas bases de execución dos orzamentos.



A sinatura dos convenios de colaboración correspóndelle con carácter xeral á presidenta da Deputación.

#### 5. Modificacións de convenios

A aprobación de modificacións de convenios vixentes requirirá a mesma tramitación que a súa aprobación.

#### 6. Prórrogas

A tramitación das prórrogas de convenios, no caso de que así se prevexa, só necesitará a proposta realizada polo centro xestor responsable, o informe xurídico sobre a súa posibilidade, a fiscalización realizada pola Intervención provincial e a aprobación polo órgano competente.

#### 7. Rexistro de convenios e remisión ao Consello de Contas

Todos os convenios formalizados pola Deputación inscribíranse nun rexistro de convenios, dependente da Secretaría Xeral, accesible na plataforma de xestión de expedientes da Deputación.

Correspóndelle á Unidade Responsable de Transparencia darlle cumprimento aos requirimentos sobre publicidade activa de convenios de colaboración que establece o Regulamento de transparencia e acceso á información da Deputación de Pontevedra. Para isto, o centro xestor responsable da iniciativa encargárase de mandar ao correo [transparencia@depo.gal](mailto:transparencia@depo.gal) unha copia do convenio ou addenda asinados. Esta información será obxecto de publicación na Sección de Transparencia do portal web corporativo: <https://www.depo.gal/transparencia>.

Correspóndelle á Intervención provincial, a partir dos datos do rexistro de convenios, a remisión electrónica dos mesmos ao Consello de Contas, de acordo co procedemento establecido na Resolución presidencial núm. 2017008767, de 3 de maio de 2017, e no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

#### 8. Regulación de protección de datos

Os convenios deberán facer referencia á regulación da protección de datos persoais. No caso de que se lle realice un encargo de tratamento a unha das partes, deberá figurar unha cláusula específica coas condicións do encargo acordadas.”

**Segundo.** Notificar esta instrución a todos os centros xestores da Deputación e publicala na Sección de Transparencia do portal web corporativo.

**Terceiro.** Derrogar a Resolución Presidencial nº 2023000637, do 26 de xaneiro de 2023, pola que se aproba a Instrución para a tramitación de convenios na Deputación.



Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica.

